



7 DE OUTUBRO DE 2023

XORNADA MUNDIAL POLO TRABALLO DECENTE***“Un Traballo Decente ten que ser un Traballo Saudable”***

PROPOSTA DE ESQUEMA PARA A VIXILIA (A modificar, completar, intercalar cantos...)

MONICIÓN DE ENTRADA

Benvidos e benvidas a esta vixilia de oración na Xornada Mundial polo Traballo Decente que realizamos un ano máis.

Este 7 de outubro, as organizacións que formamos a iniciativa Igrexa polo Traballo Decente (ITD), unidas a todos os traballadores do mundo, celebramos a Xornada Mundial polo Traballo Decente co obxectivo de reivindicar o traballo decente como dereito, para lograr o benestar da comunidade, e reclamar a importancia de que “O traballo é o gran tema”; medio imprescindible para o recoñecemento da sagrada dignidade das Persoas, e con todo, a miúdo ausente ou escaso.

En 2023 queremos facer especial fincapé na importancia que ten a seguridade nos lugares de traballo, de acordo co noso lema deste ano: “Un Traballo Decente ten que ser un Traballo Saudable”, porque o traballo non pode considerarse como un castigo para as persoas, senón como di o Papa Francisco: “o traballo é o que fai o home semellante a Deus, porque co traballo o home é un creador, é capaz de crear” e, por iso, denunciaremos a situación precaria de moitas persoas traballadoras do noso país, centrándonos na sinistralidade no traballo, que aumenta en lugar de diminuír.

Quen preside a Asemblea: No nome do Pai e do Fillo....

CANTO DE INICIO: a elección segundo a Asemblea.

UNHA MIRADA Á REALIDADE**Introdución**

Imos a escoitar algúns testemuños das vítimas da sinistralidade laboral. Comezamos vendo este vídeo: [Perder a vida por gañar o pan](https://www.youtube.com/watch?v=Pzk3QLOTHUU&feature=youtu.be) (<https://www.youtube.com/watch?v=Pzk3QLOTHUU&feature=youtu.be>)

MOMENTO DE SILENCIO

Pódese engadir algún testemuño persoal en vivo, de vítimas da sinistralidade, ou das súas familias.

Para a reflexión

- Coñezo na miña contorna situacións semellantes a estas?
- Súfroas eu ou persoas achegadas?
- Como me sitúo e vivo estas situacións? Que podo facer para cambialas?

XULGAR DESDE A PALABRA DE DEUS E A DOCTRINA SOCIAL DA IGREXA

(Poden seleccionarse algúns dos textos, ou ler todos)



Os dereitos dos traballadores, como todos os demais dereitos, baséanse na natureza da persoa humana e na súa dignidade transcendente. O Maxisterio social da Igrexa considerou oportuno enunciarse algúns deles, indicando a conveniencia do seu recoñecemento nos ordenamentos xurídicos: o dereito a unha xusta remuneración; o dereito ao descanso; o dereito a ambientes de traballo e a procesos produtivos que non comporten prexuízo á saúde física dos traballadores e non danen a súa integridade moral; o dereito a que sexa salvagardada a propia personalidade no lugar de traballo, sen que sexan conculcados de ningún modo na propia conciencia ou na propia dignidade. (CDSI 301)

Nunha sociedade realmente desenvolta o traballo é unha dimensión irrenunciábel da vida social, xa que non só é un modo de gañarse o pan, senón tamén un leito para o crecemento persoal, para establecer relacións sas, para expresarse a si mesmo, para compartir dons, para sentirse corresponsable no perfeccionamento do mundo, e en definitiva para vivir como pobo. (FT 162)

O tope do ensino bíblico sobre o traballo é o mandamento do descanso sabático. O descanso abre ao home, suxeito á necesidade do traballo, a perspectiva dunha liberdade máis plena, a do Sábado eterno (cf. Hb 4,9-10). O descanso permite aos homes lembrar e revivir as obras de Deus, desde a Creación ata a Redención, recoñecerse a si mesmos como obra súa (cf. Ef 2,10), e dar grazas pola súa vida e a súa subsistencia a El, que delas é o Autor. A memoria e a experiencia do sábado constitúen un baluarte contra o sometemento humano ao traballo, voluntario ou imposto, e contra calquera forma de explotación, oculta ou manifesta. O descanso sabático, en efecto, ademais de permitir a participación no culto a Deus, foi instituído en defensa do pobre; a súa función é tamén liberadora das dexeneracións antisociais do traballo humano. (CDSI 258)

Deus vén ateigar de dignidade a dureza do traballo. Lémbra-nos que importante é dar dignidade ao home co traballo, pero tamén dar dignidade ao traballo do home, porque o home é señor e non escravo do traballo. No día da Vida repitamos: Non máis mortes no traballo! E esforcémonos por logralo. (Francisco. Homilía Noiteboa 2021)

Éxodo 3, 7-10.

O Señor díxolle a Moisés: «Vin a opresión do meu pobo en Exipto e oín as súas queixas contra os opresores; coñezo os seus sufrimentos. Baixei a libralo dos exipcios, a sacalo desta terra, para levalo a unha terra fértil e espazosa, terra que mana leite e mel, a terra dos cananeos, hititas, amorreos, perizitas, heveos e xebuseos. O clamor dos fillos de Israel chegou a min e vin como os tiranizan os exipcios. E agora marcha, envíoches ao faraón para que saques ao meu pobo, aos fillos de Israel».

Do Evanxeo segundo san Mateo 11, 28-30.

«Vinde a min todos os que estades cansos e angustiados, e eu aliviareivos. Tomade o meu xugo sobre vós e aprendede de min, que son manso e humilde de corazón, e atoparedes descanso para as vosas almas. Porque o meu xugo é levado e a miña carga liviá».

Silencio breve e antifona cantada como resposta á Palabra (Elixir entre as coñecidas pola Asemblea)



Oración persoal nun momento de silencio.

CANTO DE LOANZA (a elixir entre os coñecidos pola Asemblea)

PETICIÓN

Presentámosche, Señor, a todas aquelas persoas que están a sufrir o paro, a inxustiza, a precariedade laboral, a explotación no traballo, que sintan a nosa solidariedade e atopen respostas ás súas xustas reivindicacións.
SEÑOR, FAINOS SOLIDARIOS.

Presentámosche, Señor a todas as vítimas da inxusta sinistralidade laboral. Ás que perderon a vida en sinistros laborais, acólleas na misericordia do teu abrazo. Ás que resultaron feridas, ou sofren enfermidades profesionais. Devólvelles a saúde. Ás súas familias. Consólaos no teu amor
SEÑOR, FAINOS SOLIDARIOS.

Presentámosche, Señor, a necesidade de que haxa traballo decente para todas as persoas, que posibilite o desenvolvemento humano integral.
SEÑOR, FAINOS SOLIDARIOS.

Presentámosche as persoas migrantes que chegan buscando traballo e mellores condicións de vida, que lles dean oportunidades que non atopan nos seus lugares de orixe.
SEÑOR, FAINOS SOLIDARIOS.

Presentámosche os dirixentes sindicais e empresariais, que manteñan diálogos para atopar acordos que fagan que traballo sexa digno para todas as persoas.
SEÑOR, FAINOS SOLIDARIOS.

Presentámosche o noso planeta, a nosa casa común, que co noso coidado a terra poida satisfacer as necesidades das xeracións presentes e futuras.
SEÑOR, FAINOS SOLIDARIOS.

NOSO PAI

ORACIÓN FINAL

Dámosche grazas, Señor, por este encontro reunidos no teu nome, pola conciencia fraterna que fas crecer en nós, polos desexos que puxeches en nós para comprometernos na consecución dun mundo máis xusto, máis solidario, máis fraterno; onde a ninguén lle falte un traballo digno onde poida desenvolverse integralmente. Que o traballo sexa sempre para a vida.

Grazas por facer camiño con cada un de nós, sostendo as nosas vidas e entrega. Por Xesucristo, noso Señor.

CANTO FINAL. (De entre os coñecidos pola Asemblea)

Despedida

(Despídese os asistentes dándolles as grazas pola súa participación e animando a manter o compromiso polo traballo decente, lendo o manifesto)